

## **REPOSICIÓN DE FIRME NA EP - 5005 CAÑIZA – POUSA (PO-400) (CONCELLO DE A CAÑIZA)**

### **ÍNDICE:**

1.	ANTECEDENTES .....	3
2.	OBXETO e DESCRICIÓN do PRESENTE PROXECTO .....	3
3.	OBRAS a REALIZAR .....	3
4.	AFECCIONS ó PATRIMONIO e ó MEDIO AMBIENTE .....	4
5.	NORMATIVA URBANÍSTICA e de ORDENACIÓN do TERRITORIO .....	4
6.	TIPO de OBRA de ACORDO a LEI 9/2017 de CONTRATOS do SECTOR PÚBLICO .....	5
7.	DECLARACIÓN de OBRA COMPLETA .....	5
8.	XUSTIFICACIÓN TÉCNICA CONFORME a LEI 9/2017 de CONTRATOS do SECTOR PÚBLICO.....	5
9.	INNECESARIEDADE de PERMISOS SECTORIAIS.....	5
10.	INCOMPATIBILIDADE de OBRA co ESTUDIO XEOTÉCNICO .....	5
11.	CUMPLIMIENTO de LEI 10/2014, de ACCESIBILIDADE e do DECRETO 35/2000.....	6
12.	ORGANISMOS AFECTADOS e NECESIDADE de OCUPACIÓNS .....	6
13.	CLASIFICACIÓN de CONTRATISTA .....	6
14.	REVISIÓN de PREZOS .....	6
15.	ORZAMENTOS.....	6
16.	PRAZO de EXECUCIÓN e GARANTÍA .....	7
17.	DOCUMENTOS de PROXECTO .....	7



## **REPOSICIÓN DE FIRME NA EP - 5005 CAÑIZA – POUSA (PO-400) (CONCELLO DE A CAÑIZA)**

**SITUACIÓN:** ESTRADA PROVINCIAL 5005 CAÑIZA – POUSA (PO-400) (CONCELLO DE A CAÑIZA)

**PROMOTOR:** DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

### **MEMORIA DESCRIPTIVA e XUSTIFICATIVA**

#### **1. ANTECEDENTES**

A Xaneiro de 2016 a Deputación de Pontevedra presenta o seu novo Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais, unha rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, que supón o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade ao amparo do establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.

Esta rede provincial atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Cumprindo co novo Decálogo de Criterios, e co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído, a Deputación de Pontevedra está concienciada na necesidade de aumentar a seguridade viaria e peonil en toda a rede de estradas da provincia.

Por estes motivos redáctase este proxecto de “*Reposición de firme na 5005 Cañiza – Pousa (PO-400) (Concello de A Cañiza)*”, e, dando cumprimento o artigo 16 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.

#### **2. OBXETO e DESCRICIÓN do PRESENTE PROXECTO**

O obxecto deste proxecto é definir as obras necesarias na E.P. 5005 CAÑIZA – POUSA (PO-400), en diversos puntos quilométricos que se definen nos planos e medicións do presente proxecto, comezando no P.Q. 1+100 ata o P.Q. 13+400, o seu paso polos Concellos de A Cañiza e Crecente, onde é necesario proceder a reposicións do firme de xeito puntual a fin de salvagardar a debida prestación do servizo público viario e de mellorar a seguridade viaria.

#### **3. OBRAS a REALIZAR**

A obra proxectada é a que se describe a continuación:

- Fresado (por cm. de espesor) de firme formado por hormigón bituminoso y/o capas granulares, incluso carga, barrido y transporte a vertedero o lugar de empleo.

- Emulsión asfáltica C60B3 TER con una dotación de 0.5 kg/m<sup>2</sup>, empleada en riegos de adherencia, incluso barrido y preparación previa de la superficie.
- Hormigón bituminoso en caliente en rodadura tipo AC-16 o AC-22 S en capa de rodadura de firme, fabricado, puesto en obra y compactado, incluso filler de aportación, excepto betún.
- Betún asfáltico mejorado con polvo de caucho procedente de NFU, tipo BC 50/70, empleado en la fabricación de hormigones bituminosos en caliente, puesto a pie de planta.
- Microaglomerado en frío (Microf 8), fabricada con emulsión C60 BP5 MIC modificada con elastómeros, DLA<25, colocada sobre pavimentos bituminosos o tratamientos superficiales, mediante aplicación mecánica, incluso preparación con barrido de la superficie.
- Tubería de drenaje de PVC de diámetro 160 mm con material filtro y envolvente de geotextil, incluso excavación y posterior tapado y compactado de zanja.
- Marca vial reflexiva blanca de 10cm. de ancho, ejecutada con pintura acrílica en base acuosa con una dotación de 720 gr./m<sup>2</sup> y aplicación de microesferas de vidrio con una dotación de 480 gr./m<sup>2</sup>, incluso barrido y premarcaje, realmente ejecutado.
- Marca vial reflexiva blanca de 15cm. de ancho, ejecutada con pintura acrílica en base acuosa con una dotación de 720 gr./m<sup>2</sup> y aplicación de microesferas de vidrio con una dotación de 480 gr./m<sup>2</sup>, incluso barrido y premarcaje, realmente ejecutado.
- Pintura reflexiva blanca acrílica en base acuosa, en cebreados, símbolos y flechas, incluso barrido y premarcaje sobre el pavimento, realmente pintado.
- Carga y transporte de residuos no peligrosos de carácter bituminoso a planta de valoración, incluso canon de planta.

#### 4. AFECCIONS ó PATRIMONIO e ó MEDIO AMBIENTE

Dende o punto de vista de posibles afeccións ó Patrimonio Cultural, a obra delimitase exclusivamente a plataforma da estrada, no dominio público viario. Actuando unicamente a nivel superficial, mellorando a pavimentación do firme existente en un viario completamente consolidado polo que debido as características das obras, de conservación e mantemento, non se prevén afeccións ó Patrimonio Cultural.

No tocante ás afeccións de carácter medio ambiental, as actuacións de conservación e mantemento do firme existente recollidas neste proxecto non están recollidas nos anexos I e II da Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, polo que non é necesaria a tramitación ambiental do proxecto.

#### 5. NORMATIVA URBANÍSTICA e de ORDENACIÓN do TERRITORIO

As obras previstas neste proxecto cumpren cos instrumentos de planeamento urbanístico e de ordenación territorial no seu ámbito de aplicación debido a que limítanse a meras actuacións de conservación e mantemento do firme existente dentro do dominio público viario titularidade desta Deputación mediante a súa mellora e reposición a nivel superficial.

En relación co anterior e de acordo o *artigo 27 Actuacións de interese xeral* da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, faise constar que as obras de estradas

promovidas polas entidades locais de Galicia, incluídas todas as actuacións necesarias para a súa execución, así como as realizadas nas zonas onde se sitúen os seus elementos funcionais, no resto da zona de dominio público ou na zona de servidume, constitúen actuacións de interese xeral e, polo tanto, non están sometidas a licenza ou a calquera outro acto de control preventivo municipal previsto na lexislación reguladora das bases do réxime local.

#### 6. TIPO de OBRA de ACORDO a LEI 9/2017 de CONTRATOS do SECTOR PÚBLICO

As obras previstas neste proxecto considéranse, a efectos da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, como obras de conservación e mantemento, de acordo o seu artigo 232.5, xa que a renovación do firme e as reparacións necesarias nel son consecuencia do natural ou normal uso das estradas.

#### 7. DECLARACIÓN de OBRA COMPLETA

Segundo o artigo 125 do Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, considérase que se trata dunha obra completa susceptible de ser entregada ao servizo xeral.

#### 8. XUSTIFICACIÓN TÉCNICA CONFORME a LEI 9/2017 de CONTRATOS do SECTOR PÚBLICO

No referente ao artigo 233 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, considérase que o proxecto define con precisión as obras e as súas características técnicas, e que contén o contido mínimo previsto no antedito artigo así como un orzamento con prezos unitarios e descompostos como require o artigo 126 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Por tanto, é suficiente para definir, valorar e executar as obras que comprende.

#### 9. INNECESARIEDADE de PERMISOS SECTORIAIS

Polo carácter e ámbito das obras, que delimitáanse exclusivamente a plataforma da estrada, no dominio público viario titularidade desta Deputación, unicamente a nivel superficial, mellorando a pavimentación do firme existente en un viario completamente consolidado NON se fan necesarias autorizacións derivadas da normativa sectorial aplicable, consonte o *artigo 20 Informes sectoriais* da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.

Do mesmo xeito non se dan as circunstancias previstas no *Artigo 21. Información pública e informe das administracións afectadas* da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia por non tratarse dunha nova estrada nin dunha modificacións substancial da estrada que afecte de xeito significativo o planeamento urbanístico municipal de acordo os supostos previstos en dito artigo.

#### 10. INCOMPATIBILIDADE de OBRA co ESTUDIO XEOTÉCNICO

De acordo a que as obras previstas neste proxecto delimitáanse exclusivamente a plataforma da estrada no seu nivel superficial mellorando a pavimentación do firme existente, considérase que a natureza das obras é incompatible coa realización dun estudio xeotécnico, ademais de innecesario toda vez que non vese alterada a capacidade portante do terreo nin as cargas previstas sobre él.

Polo anterior dáse cumprimento o previsto no artigo 233.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

#### 11. CUMPLIMIENTO de LEI 10/2014, de ACCESIBILIDADE e do DECRETO 35/2000

Polos mesmos motivos expostos anteriormente no que se fai referencia a que as obras previstas neste proxecto delimitanse exclusivamente a plataforma da estrada no seu nivel superficial, encadradas dentro das obras de conservación e mantemento necesarias para o correcto mantemento do servizo público viario non se fai necesaria a xustificación do cumprimento ca Lei 10/2014, de accesibilidade o co Decreto 35/2008, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas na Comunidade Autónoma de Galicia.

#### 12. ORGANISMOS AFECTADOS e NECESIDADE de OCUPACIÓNS

Non se prevén afeccións a entidades públicas ou a empresas subministradoras de servizos públicos xa que a execución das obras circunscribe exclusivamente a plataforma da estrada, no seu nivel superficial mellorando a pavimentación do firme existente.

Polo mesmo motivo antedito, non se fan necesarias ocupacións de terreos de propiedade privada executándose as obras previstas neste proxecto, exclusivamente, no Dominio Público Viario titularidade desta Deputación.

#### 13. CLASIFICACIÓN de CONTRATISTA

Ao seres o valor estimado do contrato do proxecto da obra inferior á cantidade de cincocentos mil euros (500.000 €), neste caso de 477.965,99 € (importe total sen I.V.E.) non se fai necesaria a clasificación do mesmo, en cumprimento do artigo 77.1 a) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

#### 14. REVISIÓN de PREZOS

As obras do presente proxecto NON procede a revisión de prezos prevista no artigo 103 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

#### 15. ORZAMENTOS

O orzamento de execución material do presente proxecto ascende á cantidade de CATROCENTOS UN MIL SEISCENTOS CINCUENTA E DOUS EUROS CON NOVE CÉNTIMOS (**401.652,09 €**), sendo o orzamento de contrata SEN I.V.E. (*valor estimado do contrato segundo o artigo 101.1 a) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público*) de CATROCENTOS SETENTA E SETE MIL NOVECENTOS SESENTA E CINCO EUROS CON NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (**477.965,99 €**).

O orzamento de contrata CON I.V.E. (*orzamento base de licitación segundo o artigo 100 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público*) ascende a CINCOCENTOS SETENTA E OITO MIL TRESCENTOS TRINTA E OITO EUROS CON OITENTA E CINCO CÉNTIMOS (**578.338,85 €**)

## 16. PRAZO de EXECUCIÓN e GARANTÍA

O prazo de execución das obras será de **4 MESES (4)** para a realización do conxunto das obras a partires da data de replanteo. O prazo de garantía será de UN ANO a partires da recepción das obras.

## 17. DOCUMENTOS de PROXECTO

O proxecto está integrado polos seguintes documentos e anexos:

### **DOCUMENTO Nº 1: MEMORIA e ANEXOS**

- 1.1 MEMORIA DESCRIPTIVA e XUSTIFICATIVA
- 1.2 ANEJOS á MEMORIA

Anejo nº 01: Situación actual e reportaxe fotográfico

Anejo nº 02: Estudo de Xestión de Residuos

Anejo nº 03: Estudo de Seguridade e Saúde

Anejo nº 04: Xustificación de prezos

- I. Introducción.
- II. Apartado 01: Cadro de prezos auxiliares
- III. Apartado 02: Cadro de man de obra.
- IV. Apartado 03: Cadro de materiais.
- V. Apartado 04: Cadro de maquinaria.
- VI. Apartado 05: Xustificación de prezos

### **DOCUMENTO Nº 2: PLANOS**

### **DOCUMENTO Nº 3: PREGO DE CONDICIÓN S TÉCNICAS PARTICULARES**

### **DOCUMENTO Nº 4: ORZAMENTO**

#### 3.1 MEDICIÓN S

#### 3.2 CADRO de PREZOS

3.2.1. Cadro de prezos nº 1

3.2.2. Cadro de prezos nº 2

#### 3.3. ORZAMENTO

3.3.1. Orzamento de Execución Material

3.3.2. Orzamento Base de Licitación

Pontevedra, a xullo de 2018

**O Enxeñeiro dos Servizos  
Técnicos de Mobilidade**

**O Director de Mobilidade**

**Fdo.: Manuel González Juanatey**

**Fdo.: Daniel Romay Díaz**